

PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Virxe do Portal

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe Virxe do Portal atópase no concello de Sobrado, situado no ángulo suroriental da provincia de A Coruña, limitando coa provincia de Lugo, a súa identificación está determinada polo Mosteiro que lle dá nome ao municipio: Sobrado dos Monxes.

Ó finalizar o curso académico 2021-22 ten matriculados 48 alumnos/as atendidos por un total de 9 mestres/as que imparten as etapas educativas de Educación Infantil e Primaria.

A continuación detállanse algúns datos identificativos do centro.

Dirección: Santiago do Campo s/n, 15813 Sobrado dos Monxes, A Coruña

Correo electrónico: ceip.virxe.portal@edu.xunta.gal

Código de centro: 15016784

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedoportal/>

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

As características socio-económicas veñen determinadas polas actividades económicas desenvoltas pola poboación. A gran maioría do territorio do concello está dedicado ás plantacións forestais mentres que o resto dedícase ao cultivo. As zonas cultivadas se dedícanse principalmente aos produtos relacionados coa gandaría, abundando os prados e o millo. Os cultivos de horta redúcense ás parcelas en torno ás vivendas e en algunha zona onde comezan a abundar os invernadoiros.

Este Plan Dixital contribúe ó Proxecto Educativo do Centro mellorando a implementación das novas tecnoloxías nas actividades lectivas e potencialmente incrementando a dotación dixital do centro, así como aumentando a competencia dixital do alumnado. O centro ven realizando nos últimos anos unha forte aposta polo uso das novas tecnoloxías do centro, tanto actualizando os dispositivos existentes, como incorporando tecnoloxías punteiras na educación como pode ser a robótica.

No tocante á Programación Xeral Anual correspondente o curso académico 2022-23, o centro tentará acadar os obxectivos propostos que se detallan nos seguintes epígrafes e converterase nun documento de mellora continua incardinado nas progresivas PXAs.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para o trazado deste Plan Dixital apoiámonos na seguinte base normativa intimamente relacionada co seu deseño e implementación:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.


1.4. Proceso de elaboración

Para o deseño e elaboración do Plan Dixital, solicitamos no inicio do curso un Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) destinado exclusivamente a tal efecto. O curso, titulado “Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital” constaba dun total de 20 horas de formación, repartidas en 14 horas de traballo grupal e 6 horas de traballo individual. Neste curso participou a maioría do profesorado, mais viuse reducido progresivamente debido a Incapacidades Temporais de parte dos docentes. Leváronse a cabo varias reunións propostas polo coordinador nas que se ía avanzando na elaboración do Plan Dixital, seguindo as directrices e indicacións do Equipo ADIX Coruña 3.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Con respecto á conectividade, todos os espazos contan con conexións cableadas e hai boa cobertura wifi en todo o centro. Tamén contamos con dous teléfonos: un no despacho de dirección e outro no de secretaría. Con respecto á calidade da conexión a Internet, hai bastantes fluctuacións da velocidade e períodos de tempo ocasionais nos que non funciona. Isto é especialmente notable na velocidade de subida, como acredita a captura de pantalla que se ve na seguinte páxina.



O equipamento do centro podemos desglosalo nas seguintes categorías:

- Aulas dixitalizadas: 5 de 11 aulas contan con PDI funcional e ordenador conectado á mesma. No restante de aulas danse diversas casuísticas: a aula de informática ten PDI pero non funciona ó tocala; as aulas de 1º e 2º curso e 5º e 6º curso teñen PDIs con dispositivo e-beam que non funciona; as aulas de música e relixión só contan cun proxector (sen PDI, só pizarra branca); a aula de PT non ten ningún dispositivo.
- Equipos para uso de docentes: a sala de profesorado e os despachos de dirección e secretaría contan cun ordenador en cada espazo. O despacho de orientación non ten ordenador.
- Hai 2 equipos ultrapotátiles que se proporcionaron para reducir a fenda dixital por mor da Covid-19.
- A aula de informática necesita un ordenador de sobremesa máis para garantir 1 posto por alumno/a.

En canto ós servizos dixitais, o centro dispón e fai uso da aula virtual e mantén a páxina web actualizada con información relevante para a comunidade educativa. Tamén se promove o uso de Abalarmóbil como canle preferente de comunicación entre o profesorado e as familias.

No tocante ó mantemento do equipamento, rexistramos incidencias na UAC pero debido a que a súa resolución é moi dilatada no tempo (ou mesmo non se produce) tamén contamos

cun servizo técnico que ven periodicamente ó centro a solucionar problemas de índole tecnolóxica.

Por último, o protocolo de centro relacionado cas TIC é o Plan de ensino virtual, que forma parte do plan de continxencia.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Educación Primaria
A -Liderado	Equipo Directivo	3
	Profesorado	4.2
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2.8
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3.6
	Profesorado	3.6
	Alumnado	4.6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3
	Profesorado	5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3
	Profesorado	4.3
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3
	Profesorado	3
	Alumnado	4.5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3
	Profesorado	2.5
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	2.8
	Profesorado	2.9
	Alumnado	4.6

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	3	100%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	3	3	100%
DESPRAZADO	2	2	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
133.9	Líder (C1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	130.9	Líder (C1)	68.2	Integrador/a (B1)
PRI.	142.2	Líder (C1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	0	0%
B1	1	10%
B2	2	20%
C1	6	60%
C2	1	10%
TOTAL	10	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	C1. A infraestrutura tecnolóxica do centro é boa. C3. Boa conexión WIFI, con cobertura en todo o centro. C4. Hai asistencia técnica periodicamente, contratada polo centro. C14. Conta cunha aula TIC con equipos actualizados.	
	PERSONAL DOCENTE	O profesorado conta cun nivel medio C1 que lle permite impulsar metodoloxías de aprendizaxe dixitais. E1 e E2. Busca e crea recursos dixitais para utilizar na clase ou na aula virtual.	F6. O profesorado non realiza suficientes proxectos interdisciplinares empregando as novas tecnoloxías. G3. A retroalimentación non se adoita dar de xeito dixital.
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	C8 e C10 OP. O alumnado pode empregar os dispositivos dixitais frecuentemente e algúns deles pode lévalos á casa de ser necesario.	C13 OP. Non poden traer os seus dispositivos. H. A competencia dixital é bastante mellorable, sobre todo en canto á autonomía.
	FAMILIAS	Colaboran na medida das súas posibilidades para que o alumnado realice as actividades.	Acceso desigual a dispositivos tecnolóxicos.
	OFERTA	O profesorado ten liberdade para probar novas tecnoloxías no centro.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	C12 e C13. Temos en conta a fenda dixital do alumnado e levamos a cabo medidas para minimizala.	B4. Pouca colaboración con outros centros para mellorar o ensino dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Aposta polo ensino dixital.	As incidencias de carácter tecnolóxico tardan moito tempo en solventarse.
	LEXISLACIÓN	A5. Respectamos a normativa sobre dereitos de autor e licenzas de uso. C7. Tomamos as precaucións necesarias para protexer os datos do alumnado, tanto os persoais como os educativos.	
	CONTORNA		O centro localízase nun entorno rural. O nivel socioeconómico da comunidade educativa é medio-baixo.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Alta implicación do Concello, que financiou varios recursos tecnolóxicos.	C3. O acceso a internet non é constante. Hai moitas fluctuacións na velocidade e momentos nos que non funciona aínda que non son demasiado frecuentes.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: B – Colaboración e redes						
OBXECTIVO 1:	Promover a colaboración con outras entidades para desenvolver a competencia dixital.				Acadado	
Responsable:	Dirección e coordinador de actividades complementarias e extraescolares.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	- Número de colaboracións relacionadas coas novas tecnoloxías recollidas na memoria anual.					
Valor de partida:	0 colaboracións.					
Valor previsto e data:	1 colaboración			22/06/2023.		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre “Novas Tecnoloxías”	Dirección ou coordinador de actividades complementarias e extraescolares	22/06/2023.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C – Infraestruturas e equipos							
OBXECTIVO 2:	Realizar mantemento e actualizacións de equipamento tecnolóxico.					Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC e dirección.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	- Porcentaxe de pizarras dixitais que empregan o dispositivo e-beam substituídas.						
Valor de partida:	O 28% das PDI en funcionamento do centro teñen dispositivo e-beam						
Valor previsto e data:	O 90% das PDI do centro terán a funcionalidade táctil integrada na pantalla.				22/06/2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1: Revisar o inventario TIC.	Coordinador TIC	30/10/2022.				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Solicitar á UAC o material que se precise.	Dirección	21/12/2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: F – Pedagogía: implementación na aula						
OBXECTIVO 3:	Incrementar o uso de dispositivos tecnolóxicos nas aulas por parte do alumnado.				Acadado	
Responsable:	Conxunto do profesorado do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	<ul style="list-style-type: none"> - O 90% profesorado emprega a aula TIC con asiduidade como parte da súa programación. - O 100 % do alumnado de Educación Primaria adica unha parte do tempo libre en clase a usar dispositivos tecnolóxicos. 					
Valor de partida:	Utilízase con frecuencia a pizarra dixital interactiva pero a aula TIC só se emprega de xeito ocasional.					
Valor previsto e data:	O 90% do profesorado utiliza a aula TIC 1 sesión/semana como mínimo			31/10/2022.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Establecer un calendario de utilización da aula TIC na que cada semana se utilice con unha área.	Coordinador TIC	30/09/2022.	Ordenador e procesador de textos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: G - Prácticas de avaliación						
OBXECTIVO 4:	Usar ferramentas de avaliación dixital para mellorar a obxectividade e eficiencia do proceso.				Acadado	
Responsable:	Conxunto do profesorado do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	- O 70% do profesorado usa de follas de cálculo para a avaliación continua e informará ó alumnado e ás familias do proceso de ensino-aprendizaxe a partir dos datos recollidos nelas.					
Valor de partida:	A maior parte do profesorado non utiliza ferramentas de avaliación dixital.					
Valor previsto e data:	O 70% do profesorado avaliará ó alumnado de forma dixital			21/12/2022.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Consensuar instrumentos e procedementos de avaliación comúns.	Claustro do Centro.	30/09/2022.	Listaxe de instrumentos e procedementos de avaliación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Diseñar unha ou varias follas de cálculo que teñan en conta as particularidades da forma de avaliar de cada docente.	Coordinador TIC.	31/10/2022.	Ordenador con programa de creación de follas de cálculo instalado (OpenOffice ou Microsoft Office).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Formar ó profesorado no uso de follas de cálculo para a avaliación.	Coordinador TIC.	30/11/2022.	Aula TIC con OpenOffice ou Microsoft Office instalado en todos os ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H - Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 5:	Aumentar a autonomía do alumnado nas comunicacións alumno/a-docente.				Acadado	
Responsable:	Titor do grupo de alumnos/as				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	<ul style="list-style-type: none"> - Envío de emails sen intervención do docente ou das familias. - Emprego da plataforma de mensaxería da aula virtual por si mesmos. 					
Valor de partida:	A maior parte do alumnado necesita axuda para realizar estas tarefas ou non é quen de solucionar erros simples.					
Valor previsto e data:	O 80% do alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria poderán usar aplicacións de email e a plataforma da aula virtual sen intervención externa.			21/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Crear un mínimo de 2 contas de correo de probas nunha aplicación de mensaxería, sendo o coordinador responsable de cambiar o contrasinal despois de cada uso.	Coordinador TIC.	30/09/2022.	Ordenador con conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Introducir o alumnado ás ferramentas.	Titor/a de cada grupo.	31/10/2022.	Aula TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Usar estas ferramentas no traballo habitual de área.	Profesorado de cada grupo.	21/12/2022.	Dispositivos con conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H – Competencias dixitais do alumnado							
OBXECTIVO 6:	Fomentar un uso responsable dos recursos da rede e evitar os perigos da mesma.					Acadado	
Responsable:	Profesorado de 5º e 6º cursos de Educación Primaria.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica os perigos da rede e toma medidas para evitalos. - Manexa as redes sociais e ferramentas semellantes con precaución. - Distingue certas características que teñen en común as noticias falsas. 						
Valor de partida:	O alumnado é consciente de certos perigos da rede pero non os evita activamente.						
Valor previsto e data:	O 90% do alumnado será quen de filtrar a información que recibe				22/06/2023.		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO6.1: Preparar e poñer en marcha unha unidade didáctica para informar ó alumnado dos perigos da rede.	Coordinador TIC.	21/12/2022.	Aula virtual.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO6.2: Realizar actividades encamiñadas a detectar fake news e publicidade enganosa.	Titor/a do grupo.	08/04/2023.	Aula TIC.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO6.3: Dar recomendacións para un uso responsable das redes sociais.	Titor/a do grupo.	22/06/2023.	Aula virtual.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: H – Competencias dixitais do alumnado						
OBXECTIVO 7:	Formar ó alumnado no uso de procesadores de textos.				Acadado	
Responsable:	Profesorado de cada grupo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	- Porcentaxe do alumnado de 3º-6º de Educación Primaria que sabe manexar un procesador de texto a un nivel básico.					
Valor de partida:	Non aplica (sen datos previos).					
Valor previsto e data:	O 70% do alumnado de 3º e 4º cursos e o 90% de 5º e 6º cursos coñece as funcionalidades máis básicas dun procesador de textos.			08/04/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: Ensinar a utilizar os procesadores de textos ó alumnado.	Titor/a do grupo	28/01/2023.	Aula TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Fomentar o uso destes programas en tarefas escritas complementando a escritura á mán.	Profesorado de cada grupo.	28/02/2023.	Aula TIC e dispositivos que o alumnado dispoña na casa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Usar a aula virtual como canle de envío dos documentos.	Titor/a do grupo.	08/04/2023.	Aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para a consecución dos obxectivos previstos detallados no epígrafe anterior, solicitamos o seguinte:

	Dotación	Necesidade	Finalidade
Infraestrutura	Reparación da conexión Ethernet da aula de E.I 3 anos.	Non funciona.	Mellorar a velocidade da conexión sen cables e ter unha conexión de respaldo no caso de que non funcione o wifi.
	Mellora da velocidade de subida de Internet	É moi baixa, con medidas que van dende os 4 Mbps ata os 8 Mbps como máximo.	Facilitar o envío de arquivos pesados, o uso de ferramentas de videochamada e utilizar moitos equipos de forma simultánea na aula TIC.
Equipamento	5 PDIs para a aula de informática, música, relixión, 1º e 2º curso e 5º e 6º curso.	Esas aulas non teñen pizarra interactiva ou non funciona correctamente.	Posibilitar que o alumnado realice actividades interactivas e xogos en gran grupo.
	1 ordenador de sobremesa para a aula de informática.	Falta 1 ordenador para ter 1 posto por alumno/a.	Garantir que todo o alumnado poida facer uso da aula de informática en igualdade de condicións, sen discriminacións por ter que compartir dispositivo.
	1 equipo ultraportátil.	Necesitase un equipo ultraportátil para que as aulas de EP teñan un dispositivo de uso exclusivo para o alumnado.	Empregar ese equipo por parte do alumnado para xogos educativos, buscar información, etc.
	1 ordenador para o despacho de orientación.	Non hai ningún equipo nese espazo.	A persoa orientadora precisa dun ordenador para o desenvolvemento das súas funcións: elaboración de documentos, deseño e realización de tests ou probas, etc.
Servizos dixitais educativos	Aumento das funcionalidades de Abalarmóbil e Abalarpro	Engadir soporte para envío de arquivos.	Incrementar o seu uso pola comunidade educativa como alternativa ó correo electrónico.
	Mellora da estética da aula virtual.	Facer a aula virtual máis intuitiva e visualmente atractiva para o alumnado, por exemplo con outro "tema" de Moodle.	Facilitar o uso da aula virtual por parte do alumnado e reducir a curva de aprendizaxe da mesma.

4. Avaliación do PD

Para avaliar a consecución de obxectivos e a posta en marcha deste Plan Dixital, levárase a cabo unha avaliación procesual e outra final:

- Na avaliación procesual analizaremos con frecuencia trimestral o estado da execución das accións, así como os resultados das mesmas e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións. Tamén planificaremos datas alternativas no caso de aprazamento dalgunha acción.
- A avaliación final realizarase no remate do curso académico 2022-23 e valorará o logro dos obxectivos previstos e establecerá diversas propostas de mellora que se terán en conta no proceso de mellora continua do Plan Dixital.

5. Difusión do plan

Despois de que este Plan Dixital sexa aprobado polo Consello Escolar, será publicado na páxina web do centro nunha localización que sexa facilmente visible pola comunidade educativa.